

Manuel Esteban: "Quixen plasmar o tronso fermoso, misterioso e por veces doloroso da infancia á adolescencia"

Manuel Esteban, médico e escritor, vén de publicar 'Setestrelo' (Xerais), unha novela infantil-xuvenil de ciencia ficción espacial. Esteban aborda a construción desta historia na que reflexiona sobre o paso entre a infancia e a vida adulta desde a perspectiva dun neno, xa que, como el di, "as crianzas levan os petos cheos de preguntas".

Laura Veiga

16 de febreiro de 2023

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/manuel-esteban-quixen-plasmar-tronso-fermoso-misterioso-veces-doloroso-da-infancia-adolescencia/20230216195350162550.html>

—Como comezou a historia de *Setestrelo*?

Como todo o mundo sabe, porque xa é un lugar común, eu comecei a escribir con A ira dos mansos inspirándome na miña vivencia cun fillo maior que ten síndrome de Down. Mais eu teño dous fillos e, aínda que o máis novo era moi pequeno cando isto ocorreu, chegou un momento no que confluíron esas dúas circunstancias: a de pai e a de escritor. Nós liamos xuntos desde que el era moi pequeno, e chegou un punto no que el me miraba preguntando se eu non podería escribir para el un libro así. E de feito, *Setestrelo* é un libro que case podería dicir que comezamos a escribir medio man a man.

Tamén teño que confesar que o inspector Manso é un personaxe moi atormentado e eu como escritor tiña ganas de deixalo descansar. Por iso me pareceu a ocasión ideal para escribir algo máis destinado ao público xuvenil. O que ocorre é que supoño que o tormento está dentro de min, porque ao final un tampouco pode librarse do que é.

—Como foi ese proceso de escrita xuntos?

El daquela non tiña nin dez anos, así que participou o que participou. Eu ía escribindo e léndolle e el ía dando a súa opinión e aportando pequenas suxestións. É un libro, na capa máis superficial, de ciencia ficción, é unha especie de space opera para a cativada onde hai unha parte de imaxinar os seres que poboan a nosa Vía Láctea. Aí participaba el coa súa imaxinación de neno e me axudaba a tirar ideas para esas creacións. Tamén era o supervisor do proceso, porque ía sendo o meu lector cero a medida que eu ía escribindo.

Aínda que está pensado para os 12 ou 13 anos, eu non fago ningunha concesión: falo de astronomía, computadores, telescopios, linguaxes de programación, física cuántica, partículas entrelazadas... Mais debaixo dese pano tamén hai ese tormento que comentaba, un certo desacougo que vai comigo. O que quixen plasmar foi ese transo fermoso, misterioso e por veces doloroso que vai desde a infancia até a adolescencia, que non deixa de ser a antesala da vida adulta.

É algo polo que pasamos todas as persoas, mais que non é doado. É un paso complexo e cheo de contradicións e no que tamén poño un pouco enriba da mesa cousas que apreciei cos meus fillos.

Os seres humanos somos animais gregarios e debido a iso e a certos patróns, entendo que de supervivencia, tendemos a premiar a conduta adaptativa. A parte mala é que tendemos a castigar o diferente, o disruptivo. Diso é algo que tamén falo en *A ira dos mansos*. Tendemos a domesticar: o monte, a auga, os alimentos, os animais...

E queremos domesticar tamén os nosos fillos, cando a infancia é precisamente un territorio indómito, de exploración, salvaxe por definición. Fabricámoslles unha caixa ás crianzas na que non sempre caben ben. E é normal, porque ser unha crianza consiste precisamente en explorar os límites, en explorar.

E, se cadra, isto é algo que me axudou a plasmar o meu fillo, moito máis que a parte narrativa ou dos detalles concretos.

—É un libro para axudar as crianzas nesta imposición da sociedade?

Non, en absoluto. É un conto contado desde a perspectiva dun neno, e as crianzas levan os petos cheos de preguntas, resposta ningunha. Non hai aprendizaxe moral, é un libro que ten máis de acta notarial que de prospecto de medicamento. Simplemente pretendo describir unha serie de ideas e de sentimentos, de contradicións, que eu mesmo vivín como fillo e despois como pai de dous nenos.

É certo que, ás veces, simplemente ler estas cousas e decatarse de que está a suceder algo do que ti non eras consciente, e que non tes a responsabilidade íntegra dese desacougo, pode axudar, mais insisto en que hai pouco afán de resposta, porque nin eu a teño.